

B. Varela Vázquez (2004): “Denominacións para ‘pedra’, ‘penedo’ e conceptos afíns en galego”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 575-584.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

DENOMINACIÓNS PARA “PEDRA”, “PENEDO” E CONCEPTOS AFÍNS EN GALEGO

Begoña Varela Vázquez

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

A xeolingüística ou xeografía lingüística ofrécenos a posibilidade de achegármonos á realidade oral sincrónica. Esta disciplina proporciona unha indicación xeográfica precisa das variantes que conforman, a miúdo, unha unidade e cohesión que nos permiten falar de áreas lingüísticas definidas por un isomorfismo caracterizador. En síntese, contribúe a unha análise máis sólida de xeotipos fonéticos, morfolóxicos e léxicos.

Deste xeito, pretendemos aproximarnos ó campo semántico das pedras, baseándonos esencialmente no material do *ALGa* ó que engadiremos información complementaria tirada de traballos dialectais sobre a fala de distintos lugares de Galicia (estudios monográficos contemporáneos éditos e inéditos). Con todo, levar a cabo aquí un estudio, aínda que fose superficial, desta noción e conceptos afíns era unha tarefa inviable se se pretendía respecta-lo tempo de exposición.

O caudal léxico referido a este campo abrangue amais do concepto xeral “pedra” (recollido na pregunta 133), dende a pregunta 735 á 740 e máis dende a pregunta 755 á 760 dos cuestionarios do *ALGa*. Semella este material un caixón de xastre posto que nel se recolle dende a forma coa que se designa unha pedra polo seu tamaño (grande, pequena ou a medio camiño), pola súa forma (plana, lisa, redonda,...), pola súa cor (branca, escura,...), polo material de composición (de granito, de xisto,...), polos seus fins (para a construción, para lava-la roupa, para traballala un canteiro,...), ata a súa localización espacial (no río, no monte, no mar,...). Neste sentido, recoller exactamente o que designan as diferentes xeovariantes non é tarefa doada se considerámo-la existencia de diferentes formas polisémicas que provocan os cruzamentos entre as diferentes preguntas.

Imos empregar para esta comunicación os datos que posuímos das preguntas 133 (referida ó concepto xeral), 735 (“pedra grande”) e 739 (“pedra pequena”) do cuestionario

do *ALGa*. Como resultado desa información presentamos para os conceptos que se van estudar cadanseu mapa.

A escolla deste subconxunto do campo semántico pedra, que fai especificacións en canto ó tamaño, semella interesante, se temos en conta que imos tratar conceptos familiares, presentes ó longo de toda a nosa xeografía. Neste sentido, podemos anticipa-la presenza de numerosas xeovariantes léxicas patrimoniais que só en contadas excepcións se ven contaminadas polo influxo do castelán.

En consecuencia, queremos apuntar *a priori*, sen estaren á vista os resultados, a escasa presenza de castelanismos fronte á riqueza de formas patrimoniais.

Antes de comeza-la análise descritiva de cada mapa individualmente, cómpre adverti-la eliminación dalgunhas das variantes fonéticas na lenda para achegar unha lenda con resultados máis significativos e esclarecedores. É dicir, moitas das variantes fonéticas aparecen incluídas dentro de cada tipo léxico concreto.

Para percibirmo-los diferentes cruzamentos, imos asignárlle-la mesma icona a tipos lexicais comúns. Deste xeito, semella máis doada a análise comparativa dos xeotipos presentes en varios mapas e a súa extensión xeográfica para establecer coincidencias e diverxencias.

Outro punto distinto que tamén quixemos tratar a través da consulta de dicionarios de uso corrente, foi levar a cabo unha análise comparativa entre o material oral descrito e o que se rexistra nestes dicionarios tentando acha-la resposta para as seguintes interrogantes:

¿Rexístrase a acepción máis frecuente do termo nestes manuais de consulta?

No caso dos sufixos lexicalizados con autonomía da base lexical, ¿aparecen como entradas independentes desta?

¿Teñen en conta os dicionarios tódalas acepcións ás que se poden referi-los tipos léxicos estudados?


Imos facer unha breve descrición da realidade dialectal da lingua que se presenta nos mapas e das confusións máis estendidas e, deseguido elaboraremos unha pequena conclusión.

2. DESCRICIÓN DOS MAPAS

Asistimos no primeiro mapa –que se corresponde coa pregunta número 133 do cuestionario– á descrición dun só tipo léxico que expresa a noción xeral de “materia mineral dura que forma as rochas” ou tamén “anaco desa materia”. Trátase da xeovariante léxica **pedra** trala que se agochan diversas realizacións fonéticas referidas á abertura da vogal tónica. A forma provén do latín *PETRA* “rocha” e esta do grego¹. No tocante á informa-

¹ Vid. J. Corominas - J. A. Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Gredos, Madrid, 1980, IV, p. 534, s.v. piedra.

ción engadida polo *Glosario de voces galegas de hoxe*² rexístrase en Goián, información recollida por M. J. Pérez Alonso, a variante **piadra**.



Mapa 1 'Pedra'

Como xa se anticipou na introducción hai que subliña-la exigüidade de castelanismos. Sirva como testemuño este mapa: a forma patrimonial consérvase sen contaminacións agás no punto Le-5 (no concello de Benuza) xa na fronteira co leonés, que non debemos tomar en conta no achegamento de resultados globais para o territorio galego.

No que concirne ó contido, a forma **pedra** designa o concepto xeral pero isto non implica que nas outras preguntas non poida aparecer cun valor específico. A teor disto, constatámo-la presenza desta forma usada para facer referencia a contidos novos engadidos ó sema principal.

Daquela, na perspectiva á que convén aterse aquí, estamos obrigados a destaca-la participación da forma **pedra** con valores novos nas outras preguntas, que van precisando o contido semántico do termo, conferíndolle un matiz novo ó concepto base aquí descrito.

A investigación dialectal global lévanos a constatar:

a) Existe unha forma **pedra** cos valores acepcionais:

- s_1 = grande e/ou
- s_2 = pequena e /ou
- s_0 = pedra + s_3 = plana e/ou
- s_4 = de xisto e/ou
- s_5 = arrincada dunha pena e/ou
- s_6 = de río e/ou
- ..., etc.

² Vid. C. García, *Glosario de voces galegas de hoxe*, Anexo 27 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela, 1985, p. 537.

b) Acódesse habitualmente á adición de sufixos para amplia-lo significado, para facer referencia ó tamaño, á forma, ó lugar, etc. desta variante léxica³. Exemplo: **pedriña, pedrusco, pedrozo, pedregoso, pedreira, pedroulo, pedruallo** ...

c) Á vista do noso estudio, outro procedemento utilizado para engadir novos trazos conceptuais rexistrado nos mapas estudiados é o emprego de especificacións sintagmáticas⁴. Exemplo: **pedra de río, pedra de seixo**...

Así a todo, a investigación dialectal permítenos constatar unha gran riqueza lexical, xa que existen varios tipos lexicais para referirse a un baleiro denominativo, sen ter que recorrer a **pedra** que é, como veremos, un xeotipo léxico minoritario en tódolos mapas que logo analizaremos.

Á hora de constata-las acepcións rexistradas nos dicionarios que consultamos, á parte do valor neutro e xeral de **pedra**, o único dicionario que recolle as diferentes posibilidades de que **pedra** denomine todo un conxunto de conceptos afíns é o *Diccionario de Sinónimos* de Xerais (L. Castro Macía):

“**Pedra**. 2. callao, croio, laxe, pelouro, penedo, seixo.”

Atendendo á terminoloxía empregada por Bernard Pottier⁵ podemos dicir que **pedra** actúa como un arquisemema, sendo os sememas cada unha das variantes léxicas presentes en cada mapa e espalladas por unha área determinada do noso complexo xeográfico. Deste xeito, tentaremos revisar se se cumpren cada unha das seguintes premisas en calquera dos mapas, exemplificando co mapa 3:

- Se é un **croio**, é unha **pedra** = VERDADEIRO
- Se é un **croio**, non é unha **pedra** = FALSO
- Se non é un **croio**, é unha **pedra** = VERDADEIRO
- Se non é un **croio**, non é unha **pedra** = VERDADEIRO

A voz **pedra**, é logo, un substantivo xenérico que designa tamén toda un serie de obxectos que posúen semas que concretan un significado máis impreciso.

Neste mapa recóllense os distintos significados que designan *stricto sensu* unha “pedra grande”. Como se pode ver, o lexema maioritario é **pena** que provén do latín PINNA “amea” no *DCECH* de Corominas explícase a súa orixe no símil entre os penedos dun monte e as ameas dunha fortaleza⁶. Este tipo léxico aparece, en boa medida, represen-


³ “La sufijación es el proceso más extendido y más común, y por tanto el de mayor rendimiento en la lengua que nos ocupa”. Vid. Isabel González Fernández, *Sufijos nominales en el gallego actual*, Anexo II de Verba, Universidade de Santiago de Compostela, 1978, p. 16.

⁴ Estas formas sintagmáticas teñen, por motivos de economía lingüística, pouca vitalidade; posúen máis rendemento, caso de existiren, as variantes concretas ou co sufixo.

⁵ Bernard Pottier, *Lingüística moderna y filología hispánica*, Biblioteca Románica Hispánica, Gredos, Madrid, 1970 (pp. 99-133).

⁶ Vid. J. Corominas - J. A. Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Gredos, Madrid, 1980, IV, p. 477, s.v. peña.

tado na totalidade do territorio lingüístico galego. Ó analizarmos polo miúdo, observamos un incremento do uso desta forma no interior fronte ó litoral occidental.



Mapa 2 'Pedra de gran tamaño: *pena, cón*'

A este respecto debemos de facer nota-la existencia dunha maior homoxeneidade formal na Galicia non costeira que posúe como variantes representativas **pena** ou outras formas derivadas desta base.

Debemos de indicar, no entanto, que en toda a franxa litoral que abrangue dende Ferrol (C-07) á Guarda (P-33) incluíndo Porto do Son (C-45), Ribeira (C-49), Muxía (C-24), Cambados (P-12), O Grove (P-13), Oia (P-31),... documentamos varios lexe-mas que conviven xuntos. Agás Láncara (L-26) onde a variante **roca** aparece xunto con **pena**, **penedo**, ou Pobra do Brollón (L-35) onde se rexistra ademais de **pena** e **penela** a forma **cantazo**, e mesmo unha área do sueste de Ourense onde se recolle a variante **fraga**. O resto do territorio da Galicia centro-oriental emprega exclusivamente para representa-lo concepto "pedra de grandes dimensións" **pena** e outras variantes formais.

Seguindo a doutrina exposta na introducción, quixeramos expo-la información adicional presentando ademais de s_1 =grande os semas s_2 =na auga ou s_3 =no monte. Neste sentido, o traballo de Francisco Fernández Rei, *Aproximación á vida e á fala mariñeiras de Cariño*⁷, rexistra o significativo **pedra** para designar unha "pedra sumerxida no mar"

⁷ Francisco Fernández Rei, *Aproximación á vida e á fala mariñeiras de Cariño*, Memoria de licenciatura, Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, 1974 (inédita).

fronte a **pena** “cón, xeralmente puntiagudo e escarpado que se ergue á flor de auga e que na secante fica ó descuberto”.

No *ALGa* rexístranse enclaves costeiros nos que se dá unha oposición de dous termos pola localización, explicitando detalladamente se o penedo está “no monte” ou “no mar”. É dicir, no litoral dáse unha información locativa oposta que carece de sentido no interior.

Ó fio do que levamos dito, podemos engadir un dato interesante tirado da memoria de licenciatura de M.^a del Carmen Alonso Pérez titulada *Vocabulario mariñeiro de Escarabote*⁸ que recolle certas designacións que opoñen dúas formas: **pedra que vela** que fai referencia “á que se ve cando baixa a marea” e **pedra que desvela** “a que non se ve”. Todos estes datos son de gran valor dende a perspectiva mariñeira e revélanse innecesarios na Galicia do interior. Mercé á avaliación dos datos ata aquí presentados podemos inferir unha isoglosa que separaría litoral occidental/interior.

No tocante ó castellanismo **peña** non ten apenas presenza no leste e, en troques, rexístrase nalgún enclave do territorio occidental, fundamentalmente no litoral seguindo a liña de polimorfismo que acabamos de describir. Convén subliña-la escasa vitalidade da forma contaminada polo castelán.

Polo que atinxe á base léxica **pena** aparece modificada por diversos sufixos alterativos, en ocasións, xa lexicalizados. Ó engadírmolo sufixo aumentativo -edo⁹ obtémola segunda forma, por orde de frecuencia, representada no mapa.

Sendo, pois, un nome de uso tan habitual queremos destaca-la independencia entre a base e o derivado. De feito, rexístranse nos dicionarios consultados dúas entradas autónomas para as dúas voces. Ó noso entender, esta actitude asociada á lexicalización da forma derivada **penedo** é a máis atinada.

Como observamos no mapa hai que destaca-lo rendemento da voz feminina **peneda**. No que segue, describirémo-lo contido da oposición de xénero baseándonos nas notas dos cuestionarios do *ALGa*. Neste sentido, podemos citar tamén a información tirada das *Notas lingüísticas y etnográficas de Ramirás* de Rosario Álvarez Blanco¹⁰ onde se definen as dúas voces: “unha pedra grande e soa é un **penedo**, ou **peneda** se non é grande de todo”¹¹. Ante estas informacións achamos un significado para o feminino que designa un tamaño menor. Neste sentido, cómpre sinalar unha oposición á tendencia xeral que se recolle na *Gramática galega* de Rosario Álvarez *et alii* xa que se concibe esta oposición de xeito que o feminino designa habitualmente un tamaño meirande.

⁸ M.^a del Carmen Alonso Pérez, *Vocabulario mariñeiro de Escarabote*, Memoria de licenciatura, Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, 1970 (inédita).

⁹ “El sufijo -etum ha tomado en este caso más valor aumentativo que colectivo”. Vid. J. Corominas - J. A. Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Gredos, Madrid, 1980, IV, p. 477, s.v. peña.

¹⁰ R. Álvarez, *Notas lingüísticas e etnográficas de Ramirás*, Memoria de licenciatura, Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, 1974 (inédita).

¹¹ R. Álvarez *et alii*, *Gramática galega*, Galaxia, Vigo, 1989; p. 59, p. ex.: cancelo/cancela, leiro/leira, sacho/sacha...

De seren tidos en conta os apuntamentos do *ALGa* resultaría obvia a oposición da parella **penelo/penela** que continúa a liña que definimos en **penedo/peneda**. P.ex. Pobra do Brollón: **penela** (máis pequena), O Incio: **penela** (pequena).

Despois de sinala-la extensión e o significado da voz **pena** e derivados, imos centra-la nosa atención no segundo tipo léxico. Incorporamos ó noso estudio descritivo o substantivo **cón** coa variante **conle** (en Boiro, C-48) que Corominas recolle de Eladio Rodríguez atribuíndolle unha orixe céltica (provén de KAUNON irmán da voz gala ACAUNON “pena grande no mar, que se ergue a flor de auga e queda descuberta na baixa mar”) e que se rexistra na toponimia costeira.

Baseándonos nos datos do *ALGa* observamos que a voz **cón** é a máis difundida no galego oral das Rías Baixas (Cambados, O Grove, Sanxenxo, Bueu, Moaña e Oia). O aproveitamento deste material dialectal lévanos a constatar en dúas localidades costeiras as seguintes notas: en Bueu (P-18) os **cons** son “pedras grandes do mar”, en Rianxo (C-47) son “pedras grandes no mar”.

Os nomes **pena** e **penedo** poden facer ou non referencia á localización pero sempre presentan s_1 =pedra e s_2 =grande. Debemos de indicar, no entanto, que nos cuestionarios do *ALGa* a voz **cón** preséntase con tres semas: s_1 =pedra, s_2 =grande e s_3 = no/do mar. É dicir, todos estes nomes non son sinónimos estrictos xa que, a vulgar pola descrición dada polos falantes, a voz **cón** posúe polo menos un sema de localización marítima e, é, xa que logo, unha denominación máis específica; de aí que se documente como variante máis representativa dunha área localizada no litoral.

A información proporcionada polo *ALGa* fai posible avalia-la ausencia da forma **cón** ó longo do resto do territorio xeográfico costeiro. Debemos de indicar, porén, se seguimos cara ó norte pola costa a presenza da xeovariante **pedra**. No mapa revélase que é a forma estendida na franxa litoral occidental intermedia.

No canto de **pedra** prefírese a forma **petón** (¿derivada de petar?) que se estende pola costa da Morte abranguendo os enclaves xeolinguísticos comprendidos entre Malpica (C-12) e Fisterra (C-34).


Na comarca de Viana do Bolo (O-17) e arredores recolleuse a variante **fraga**. Esta voz cando se refire a “pedra de tamaño grande” provén da forma do latín en plural FRAGA “pena”. Eligio Rivas na súa *Toponimia de Marín*¹² rexistra na definición de **fraga** a presenza do sema “abrupto”: “todas las voces referidas tienen como fondo semántico el matiz contorsionado, abrupto, roca abrupta, hondonada o quebrada y maleza entre rocas, selva agreste, bosque”.

Con respecto a esta designación de **fraga** nos dicionarios documentamos unha actuación diverxente, que nos permite o po-lo dicionario de Eladio Rodríguez González, o de Sinónimos e o Estravis ó dicionario de Xerais e da RAG. Mentres nos primeiros re-

¹² P. ex.: *fragada* “hondonada rocosa” (O Courel), *fraga* “esquisto pizarroso” (Estevesinos, Ourense), *fragueiro* (A Mezquita, Ourense) Vid. Eligio Rivas Quintás, *Toponimia de Marín*, no Anexo 18 de *Verba*, p. 169.

xistramos esta forma como sinónima de **penedo**, nos dous últimos non se rexistra esta acepción.

Na nosa opinión, esta voz posúe unha gran vitalidade na área sinalada malia que é variante minoritaria se se trata dunha visión global. Con todo, pensamos que se debería rexistrar esta acepción do substantivo en tódolos dicionarios.



Mapa 3 'Pedra pequena: *coio, croio*'

Á hora de consulta-la pregunta 739 do cuestionario rexistramos unha distribución xeográfica transparente dos tipos léxicos máis empregados. Imos analizar polo miúdo as denominacións maioritarias que designan “unha pedra pequena”. Na confección do mapa albiscamos xa a existencia de diversos cruzamentos coa pregunta 740 na que se describen as diferentes voces que expresan o concepto “pedra redonda, lisa e pulida polo rozamento das augas”. Neste sentido, pretendemos ilustra-las interferencias formais entre as dúas preguntas co gallo de achegar conclusións que boten luz sobre diferentes confusións.

Na maior parte do territorio galego exprésase este concepto coa variante **coio**¹³. A información proporcionada polo *ALGa* revela que é unha xeovariante enormemente representativa nas provincias de Lugo e Ourense. Temos referencia desta forma en puntos de Pontevedra que fan fronteira con Ourense ou puntos da Coruña próximos a Lugo.

Entre as diversas variantes da franxa Oeste é maioritaria a voz **croio** (coa mesma orixe etimolóxica ca coio). As dúas opcións comentadas preséntanse como sinónimos

¹³ Documentado en Xerais: que vén do celta *crodius* = duro ou celta **kauno*, p. 199.

exactos e son apropiadas para un uso común estándar. Ó observármola realidade dialectal da lingua reflectida no mapa comprobamos unha distribución xeográfica ben delimitada para as dúas voces.

Noutros puntos da Galicia nororiental achámo-la forma **goño** coa variante **goño** e **goulo** para referirse a “unha pedra pequena” (este lema serve tamén para facer referencia ó oso da froita). Abrangue unha área concreta que se estende dende Barreiros (L-6) á Fonsagrada e dende Coaña (A-2) a Vilanova (A-5).

No intento de presentar unha descrición rigorosa da realidade dialectal imos menciona-la voz **pelouro**¹⁴. Constatamos unha evidencia: esta última forma convive habitualmente con outras variantes.

O cúmulo de información que achega o material do *ALGa* reflicte a heteroxeneidade dos semas; confúndense referencias á cor con notas opostas acerca do tamaño (pequena/grande).

M.^a Helena Sánchez Rodríguez en *A fala de Seteventos*¹⁵ define **coio** como “pedra lisa e de pequeno tamaño”. Non obstante, no *ALGa* rexistramos en Moeche (L-5), Laracha (C-13), ou A Pontenova (L-13), as formas **croio**, **goulo**, **pelouro** referidas a “unha pedra grande”. En Touro (C-40) ou Xermade (L-10) a forma **coio** designa “unha pedra de cor branca”.

Tentarei aquí recoller tódolos semas posibles das tres formas:

s₁ = redonda

s₂ = branca

s₃ = dura

s₄ = erosionada

s₅ = lisa

s₆ = pequena

s₇ = grande

s₈ = nos ríos e nas praias

s₉ = no monte

Ímonos esforzar por separa-las diferentes acepcións nas que se combinan os distintos semas arriba presentados para concluí-la existencia de tres significados diferentes nestas voces:

- De combinármolos s₁ + s₅ + s₆ obtémo-lo significado: “pedra lisa, redonda e pequena”.
- Se sumamos s₂ + s₃ + s₇ + s₉ damos coa outra acepción: “pedra branca dura, de cuarzo ou de granito e habitualmente gran tamaño que se atopa no monte”.
- Se tomamos en conta s₄ + s₆ + s₈ rexistramos unha nova acepción “pedra lisa, redonda e pequena erosionada pola acción da auga do río ou do mar”.

¹⁴ Vid. *ibid.* *DCECH*, IV, p. 465, s.v. pelo: “pelón; canto rodado de arenisca muy dura” ast. leon., (*BRAE* XXII, 490-1).

¹⁵ M.^a Helena Sánchez Rodríguez, *A fala da parroquia de Seteventos*, Memoria de licenciatura, Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, 1984 (inédita).

Podemos concluir logo que as formas aquí tratadas (**coio**, **croio**, **pelouro**) son polisémicas, e que posúen as tres acepcións arriba explícitas.

Finalmente, subliña-lo emprego da forma **pedra** canda sufixos alterativos (**pedriña**, **pedrozo**, **pedroulo**, **pedrusco**) ou de modificadores adxectivais que se engaden para constituí-la forma sintagmática **pedra pequena** que se rexistra en puntos espallados pola nosa xeografía. No mapa 3 aparecen outros termos para designar a ‘pedra pequena’, entre o que salienta *canto* (e *cantazo*) no galego oriental.

3. CONCLUSIÓN

Neste epígrafe recompilamos algunhas notas pertinentes que pretenden facer algunha observación sobre os datos recollidos da experiencia da fala actual e da súa análise contrastiva co material lexicográfico de consulta habitual:

- a) Pódese constatar que parte da riqueza léxica deste campo non se rexistra nos dicionarios de uso máis actual: non aparece a voz **fraga** coa acepción “pedra grande” nin tódolos significados de **coio**, **croio** e **pelouro**.
- b) A forma **rocha**, con escasa representación na realidade oral, inclúese nos léxicos comúns mentres que outras expresións con maior vitalidade na fala están ausentes.

AGRADECEMENTOS

Quixera agradecer no meu nome e no das outras bolseiras do *ALGa* a inestimable colaboración de Xulio Sousa na confección informática dos mapas así como o asesoramento teórico e a lectura do borrador por parte de Francisco Fernández Rei.